

## **Plan de adaptación á situación COVID-19 para o curso 2020/2021. Alumnado**

### **Entradas**

- O alumnado deberá entrar en filas. Entrará pola porta frontal dereita o alumnado de 1º de bacharelato, pola frontal esquerda o alumnado de 2º de Bacharelato, pola porta lateral dereita o alumnado de 3º de ESO, pola lateral esquerda o de 4º de ESO, e pola porta traseira, o alumnado de 1º e 2º de ESO. Antes de situarse en filas, o alumnado deberá permanecer con distancia coa distancia de seguridade de 1,5 metros.
- No interior do edificio tamén se debe manter a distancia de 1,5 metros en todo momento. Na medida do posible o alumnado circulará pola súa dereita.
- As clases comezan ás 9.00 h. O timbre tocará ás 8.55 h. Con todo, o alumnado pode comezar a subir ás 8.50 h., sempre supervisado polo profesorado.

### **Clase**

- A hixiene de mans debe realizarse SEMPRE ao comezo de cada clase, en presenza do profesorado e cada alumno/a sentado/a no seu posto escolar.
- Os elementos comúns non deben ser manipulados polo alumnado, nin as persianas, nin as xanelas. Cada alumno/a debe traer o seu material, non o debe compartir.
- O alumnado deberá ocupar sempre o mesmo posto escolar. Na aula de referencia, só poderá cambiar co permiso do/a titor/a. Nas aulas específicas (música, tecnoloxía, laboratorios) só poderá cambiar con permiso do profesorado da materia. Non se trata só de desinfectar o posto escolar, esta norma está posta para facilitar o rastrexo dos posibles positivos.
- O uso da máscara é obrigatoria no centro en todo momento. Só o persoal sanitario pode marcar excepcións a esta norma.
- A máscara debe estar sempre ben colocada.
- Cando as condicións meteorolóxicas o permitan, o alumnado deberá comer e beber fóra da aula.
- A 2ª hora, a 4ª e a 6ª é obrigatoria hixienizar o posto escolar. A tarefa de hixienización deberá comezar 5 minutos antes de que toque o timbre para saír. Se o grupo é pequeno, débese reducir o tempo de anticipación deste labor pois, unha vez terminado, o alumnado debe abandonar a aula. Tamén é obrigatoria hixienizar o posto escolar cada vez que se abandone a aula e poia ser usado por outra persoa, en especial nas aulas específicas e nos desdoubles.

### **Recreo**

- Se o tempo permite saír ao exterior, o alumnado debe desinfectar o seu posto escolar. Unha vez feita a desinfección abandona a aula e diríxese ao exterior.
- O alumnado de 1º e 2º de ESO utilizarán o patio descuberto. Se chove, utilizarán o pavillón.
- O alumnado de 3º e 4º de ESO utilizarán as inmediacións do patio e toda a zona traseira do instituto.
- O alumnado de 1º e 2º de Bacharelato utilizará a parte dianteira do instituto.
- Na zona cuberta por onde entra e sae 1º e 2º de ESO, NON se poderá permanecer durante o recreo.
- Se o tempo non permite saír ao exterior, o alumnado debe permanecer na aula para comer o bocadillo ou para beber, neste momento a clase debe estar o máis ventilada posible xa que o alumnado vai estar sen máscara aínda que garde a distancia de seguridade.
- Para a entrada, cada curso utilizará a porta que lle corresponde, agás o alumnado de 1º e 2º de ESO que empregará a porta do patio.

### **Saídas**

- Cando a alumna ou alumno termine de hixienizar o seu posto escolar, debe abandonar a aula, o edificio e o recinto educativo.
- Saída de última hora
- A desinfección de última hora debe realizarse sen retirar o produto desinfectante das mesas. Polo tanto, non se usará papel para retiralo. O alumnado colocará o asento sobre a mesa e retirará material na reixa que hai debaixo da mesa para facilitar a limpeza da aula.
- Non se deben facer grupos nin atascar as saídas á espera das/os compañeiras/os.

### **Sancións**

Serán sancionadas todas as condutas que sexan contrarias a estas normas deste plan de adaptación á situación COVID-19.